

Por indicación da xefa do Servizo, en relación á instrucións sobre **cobro das axudas de investimentos a bordo de buques pesqueiros**, indicámoslles que os interesados deberán presentar a documentación na seguinte orde:

- a) Relación de xustificantes, segundo o modelo incluído como **anexo para o pagamento (anexo V)**.
- b) **Facturas orixinais** do investimento realizado .
- c) **Certificación bancaria** acreditativa dos pagamentos realizados correspondentes as mencionadas facturas. Os certificados bancarios indicarán a factura ou facturas que soportan (nº de factura, data e importe) así como a identificación co nome, apelidos e Nif/Cif do ordenante e do receptor . **Non se admitirán pagos en efectivo**.
- d) Formulario do **anexo II** desta orde relativo ao financiamento deste proxecto no momento do pagamento.
- e) Cando do gasto elixible supere a contía de 30.000 €, no caso de execución de obra, ou de 12.000 €, no suposto de subministración de bens, o beneficiario debera presentar como mínimo **tres ofertas de diferentes provedores** , agás que se xustifique que, polas especiais características dos gastos, non existe no mercado suficiente número de entidades que o presten. A elección das ofertas presentadas deberá xustificarse expresamente cando non recaia na proposta máis económica, respondendo en calquera caso a criterios de eficiencia e economía.
- f) No suposto de que o investimento implique a presentación de baixas, deberá actuarse de acordo co previsto na Orde de convocatoria.
- g) Copia da autorización da Capitanía Marítima para realizar as obras, cando esta sexa necesaria

Lembrámoslles que as facturas deberán ser orixinais (non serven copias compulsadas) e presentaranse debidamente asinadas e cuñadas polo provedor correspondente.

A documentación deberá dirixirse ao seguinte enderezo:

**Servizo de Competitividade e Innovación Tecnolóxica**  
**Departamento Territorial da Coruña**  
**Consellería do Mar**  
**Xunta de Galicia**  
Rúa Ramón y Cajal, 2, 5º (Casa do Mar)  
15006 A Coruña

Teléfono. 981 1 **82 008**